
CIRCULAR FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR (3º,4º,5º, 6º EP NO CURSO 2021-22)

A Consellería ven de publicar a Orde de 06 de maio do 2021 (DOG 20 de maio)) pola que se regula o Fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º E. Primaria no curso 2021-22. Esta orde ten por obxecto regular o Fondo Solidario de Libros de Texto e Material escolar para o curso 2021/22 no ámbito dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos. Se establece a participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º** de educación primaria **no vindeiro curso escolar**; cursos en que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2020/21.

Fondo Solidario

Todos os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán dispoñer dun fondo solidario de libros de texto, que estará integrado por todos os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas dos cursos anteriores que o alumnado beneficiario está obrigado a devolver de acordo co establecido na Orde pola que se convocaron as ditas axudas, e que no caso de E. Primaria deberá ser devoltos antes do **22 de xuño**. A falta de devolución dos libros é causa de exclusión de axudas e ademais a Consellería iniciará un expediente de reintegro da axuda concedida. Tamén se poderán entregar voluntariamente os libros que se desexen ceder ao Centro. Todos os libros serán rexistrados antes do 09 de xullo nunha aplicación informática

Presentación de solicitudes forma lugar e prazo.

As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado. Poderán presentar solicitude o/a proxenitor/a ou representante legal do alumnado matriculado ou que se vaia matricular no curso 2021/22 nos niveis educativos incluídos nesta orde. No caso do alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia, deberá presentar a solicitude a persoa titular da dirección do centro de menores ou a persoa con que conviva en acollemento familiar. As solicitudes presentaranse no formulario normalizado do anexo I desta orde. **A solicitude é ÚNICA**; polo tanto, deberá presentarse unha solicitude independentemente do número de alumnos polos que se solicite. **No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondo Libros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a.** O prazo de presentación de solicitudes iníciase o día seguinte ao da publicación desta orde no *DOG* e remata o **22 de xuño de 2021**. A presentación da solicitude implicará que o/a solicitante acepta as bases da convocatoria, manifesta que reúne os requisitos esixidos nela e que son veraces os datos que constan na mesma; que se compromete a conservar os libros de texto e material recibidos en bo estado, e a devolvelos ao fondo solidario de libros de texto ao finalizar o curso 2021/22. Cando o alumnado no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2021/22, deberá presentala no centro no que estivese matriculado no curso 2020/21.

Asignación dos libros

O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar ata que se esgoten as existencias. Non obstante, o alumnado que estea en tutela ou garda da Xunta de Galicia e o que teña discapacidade igual ou superior ao 65 % terá preferencia para a adxudicación dos libros de texto.

Esgotados os libros dispoñibles no Fondo, o centro adquirirá os seguintes:

Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €	6 libros
Alumnado con renda per cápita familiar entre 6.000 € e 10.000 €	4 libros
Alumnado tutelado por Xunta ou discapacidade superior ao 65%	6 libros

En caso de cambio de centro, calquera que sexa o motivo do traslado, o alumnado deberá devolver o lote de libros recibido; logo de presentación do documento de devolución, o centro de destino entregaralle os libros se os hai no seu fondo solidario. Así mesmo, no caso de novas incorporacións

de alumnado unha vez iniciado o curso escolar, o centro entregaralle os libros se os hai no seu fondo solidario.

Unha vez cuberta a solicitude deberá presentarse, xunto coa documentación, debidamente asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado. Todo isto sen prexuízo da sinatura dos membros da unidade familiar computables para renda que sexan maiores de idade, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia. Xunto coa solicitude presentarase orixinal e copia da seguinte documentación co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais.

Alumnado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

a) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2019, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente, que acredite situación familiar.
- Certificado de defunción.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31-XII-2019:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.

Prazo de presentación e Forma.

Presentarase preferentemente por vía electrónica (identificación e sinatura electrónica, Chave 365) ou nos centros educativos. O prazo de presentación de instancias será ata o 19 de xuño do 2020.

O centro docente verificará a renda das solicitudes validadas na aplicación informática Fondolibros: a) Comprobando os ingresos dos membros computables da unidade familiar e o número de membros, cando a documentación se achegase en papel.

b) Ou efectuando, a través da aplicación informática, o acceso aos datos tributarios de forma telemática, cando así se autorizase.

O 09 de xullo, data límite, publicarase unha resolución provisional do fondo solidario de libros de texto que consistirá nunha relación de alumno e libros asignados. A resolución definitiva publicarase o 20 de xullo, data límite, facéndose a entrega dos libros en setembro.

- **AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR:** Unha única axuda de **50 €** por alumno. (Exclusivamente para as familias con renda pér capita familiar inferior ou igual a 6000 €. **As familias con renda superior a 6.000 € quedan excluídas do vale de material escolar**). O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta, de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

É obriga dos beneficiarios das axudas:

Conservar en bo estado os libros adquiridos e incorporalos ao rematar o curso a un fondo solidario (banco de libros).

Aqueles pais/nais que queiran aportar libros ao fondo aínda que non foran adquiridos co sistema de axudas poderán facelo de forma solidaria entregandoos no Centro.

Entregar o vale de material escolar exclusivamente para a adquisición dese material.

O Equipo Directivo